

BREAFING

20 JULIO 2025

A ARNOIA - OURENSE -

RG SPAIN
EXPEDITION RACE

AR
WORLD SERIES



.....

DEPUTACIÓN
OURENSE

 **ZARA ATHLETICZ**



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo

galicia

  
Apersa

GADIS



squirt
CYCLING PRODUCTS

fedo

 **fegado**
Federación Galega
de Orientación


ARNOIA

 **RIBADAVIA**
Concello

Presáida.


Previamente a saída, deberedes aparcar na zoa habilitada e dirixirvos ao centro de carreira a retirar o raidbook e dorsais. Imos habilitar o paso para que podades deixar o material. Isto permítese únicamente para que non teñades que cargar co voso material, así que deberedes estar co voso vehículo so no momento da descarga. Unha vez descargado o material debedes levar o vehículo a zona de parking indicado no boletín.

Deberedes ocupar un box na zona de centro de carreira.

Apertura de secretaría 8:30

As 10:00 deberedes estar preparados para a saída neutralizada coas vosas btt listas e coas zapatillas listas para a primeira sección Score urbán.

As 10 saíremos xunto cos equipos da proba longa ata a saída en Ribadavia. Son 5 kms. e deberedes seguir a bicicleta da organización que encabezará o pelotón ata o punto de saída.



Unha vez no punto de saída entregaranse os mapas, agás o da sección 1 Score urbán.

Facer clean and check dos vosos sport ident

As 11:00 darase a saída do Raid Gallaecia longo

As 11:10 darase a saída do Raid Gallaecia short

3+0 E 2+1

S1- Score urbán. ORTOFOTO

Podedes facer as balizas na orde que querades.

Cando circuledes pola estrada principal, non invadades a estrada. Tedes aceras a ambos lados. Para cruzar esta estrada, usade os pasos de peatóns.

Cando finalicedes esta sección, debedes conservar o mapa para saír de Ribadavia, xa que o mapa da sección 2 non ten a zona de transición, nin o casco urbán.

S2- BTT. Sen balizas.

Sección rápida e curta para unir Ribadavia con Arnoia (Centro de Carreira)

Respetar os prohibidos en maxenta.

S3- BTT. SCORE.

Sección dura, con algúns camiños semipechados pola vexetación. Teredes algún tramo de empuxar a bicicleta. Respetade as vías proibidas. Ollo con algúns camiños pedregosos. Son feitos por ciclistas de descenso e son camiños técnicos. Pode ser que atopedes tamén algunha rampa de madeira para saltos en btt, en desuso. Non usar.

As balizas de esta sección terán os códigos que aparecen no raid book, xunto co número de baliza do mapa, xa que comparten trazado coa proba longa.

S4- Trekking. SECCIÓN LINEAL

Non usar as vías proibidas en maxenta. Respetade as propiedades privadas e non atravesedes as viñas.

S5- Kaiak. SCORE. Debedes coller os kaiaks na rampa, xunto ao pantalán que se ve dende a transición, a uns 50 metros. Debedes deixalos no mesmo lugar antes de entrar a meta. Non se pode entrar a meta doutro xeito, ou sexa, deixar o kaiak noutro lugar e ir a Meta.



O corredor do equipo 3+0 que non faga o kaiak deberá picar a baliza 30 a nado. Está a uns 400 metros do embarque. **Debe entrar e saír da auga polo embarque dos kaiaks.** É obrigatorio que use chaleco salvavidas (facilitado pola organización) e **debe ir acompañado en todo momento, mentres esté na auga polos seus compañeiros en kaiak.** Pode ir agarrado ou subido ao kaiak.

Tamén debe picar a baliza 28 a pé. Non levará outro mapa, polo que debe **memorizar** onde se atopa a baliza (é fácil).

Unha vez feitas as dúas balizas, debe esperar a os compañeiros na rampa de embarque, i entrar xuntos a meta.

Unha vez rematedes a proba, poderedes recoller o voso material co voso vehículo, sen interferir nos outros equipos.

PECHE DE META 20:00

A CONTINUACIÓN FARASE A ENTREGA DE PREMIOS

Teredes en todo momento o bar do Hotel balneario Caldaria para poder tomar algo, e poderedes xantar no restaurante que estará aberto para a carreira.

ORIENTAVENTURA

S1- Score urbán. ORTOFOTO

Podedes facer as balizas na orde que querades.

Cando finalicedes esta sección, debedes conservar o mapa para saír de Ribadavia, xa que o mapa da sección 2 non ten a zona de transición, nin o casco urbán.

S2- BTT. Sen balizas.

Sección rápida e curta para unir Ribadavia con Arnoia (Centro de Carreira)

Respetar os prohibidos en maxenta.

S3- Kaiak. SCORE.

Debedes coller os kaiaks na rampa, xunto ao pantalán que se ve dende a transición, a uns 50 metros. Debedes deixalos no mesmo lugar antes de entrar a transición. Non se pode entrar a transición doutro xeito, ou sexa, deixar o kaiak noutro lugar e ir a Transición.

S4- Trekking. SECCIÓN LINEAL

Non usar as vías prohibidas en maxenta. Respetade as propiedades privadas e non atravesedes as viñas.

S5- BTT. SCORE.

Respetade as vías proibidas en maxenta. Haberá algún camiño que teña a vexetación moi medrada e teñades tránsito lento.

As balizas de esta sección terán os códigos que aparecen no raid book xunto co número de baliza no mapa, xa que comparten trazado coa proba longa.

Unha vez rematedes a proba, poderedes recoller o voso material co voso vehículo, sen interferir nos outros equipos.

PECHE DE META 20:00

A CONTINUACIÓN FARASE A ENTREGA DE PREMIOS

Teredes en todo momento o bar do Hotel balneario Caldaria para poder tomar algo, e poderedes xantar no restaurante que estará aberto para a carreira.